

UNIDADE 4

CULTURA E LINGUAXE

PRODUCCIÓN E TRANSMISIÓN CULTURAL

1. A importancia da linguaxe na definición de cultura.
2. O ser humano definido como animal simbólico.
3. Comunicación animal e comunicación humana
4. Diferencias entre a comunicación animal e a linguaxe humana.
 - 4.1 A linguaxe humana é convencional e adquirida socialmente.
 - 4.2 A linguaxe humana é simbólica e posúe dobre articulación.
5. O simbólico como mediación.
6. Linguaxe e xerarquías.
 - 6.1 Xerarquía entre linguas
 - 6.2 Lingua e identidade
 - 6.3 Xerarquías e clasificacións social na linguaxe.
7. Linguaxe e pensamento.
8. O estudo da linguaxe como elemento cultural

1. A importancia da linguaxe na definición de cultura.

Nas diferentes definicións que desde a óptica antropolóxica damos da noción de cultura pódense sinalar dous riscos sempre presentes.

O primeiro deles fai referencia ó conxunto de elementos que configuran unha cultura dada (coñecementos, valores, habilidades, etc.) e, nalgúns casos, ás causas ou funcións que determinan ou explican eses elementos (adaptarse ó medio, satisfacer ós membros da sociedade...)

O segundo, insiste na dimensión histórica da cultura, no feito da transmisión xeracional. O conxunto de recursos (coñecementos, técnicas, habilidades...) que un grupo humano produce no marco da interacción social é transmitido ás novas xeracións, descendentes dese grupo humano, de xeito que estas se apropian dos

coñecementos, pautas, valores, etc. dos seus antecesoros. Cada nova xeración ademais modificará ou engadirá novos elementos, facendo que a cultura sexa por definición acumulativa, máis tamén cambiante, dúas caras da dimensión histórica.

Recollemos para exemplificalo distintas definicións do concepto cultura:

- É a capacidade humana para adaptarse ás circunstancias e transmitir o conxunto de instrumentos e coñecementos aprendidos á xeración seguinte.
- É o conxunto de esquemas mentais e de conducta herdados socialmente mediante os que a sociedade consegue unha maior satisfacción para os seus membros .
- É o conxunto de valores, ideas, actitudes, símbolos, coñecementos, etc. que dan forma ó comportamento humano e son transmitidos desde unha xeración á seguinte.

Tanto para a produción de respostas culturais como para transmisión destas ás novas xeracións a capacidade de linguaxe do ser humano é un factor determinante. Poderíamos dicir que é esta capacidade lingüística, ou en xeral, a súa capacidade simbólica a que fai do ser humano un ser cultural.




Esta capacidade posibilita compartir experiencias entre os membros dun grupo transcendendo a inmediatez do aquí e agora o que fai posible, por unha banda, crear, na interacción social, repostas conxuntas e pola outra transmitir esas creacións ós novos membros da comunidade.

2. O ser humano definido como animal simbólico.

Pódese explicar a linguaxe apelando ó biolóxico sinalando que somos o único animal preparado para unha linguaxe coas características da nosa (simbólica e con capacidades infinitas): pola estrutura do noso cerebro ou pola nosa capacidade

fonadora. Pero o mais importante é que nos sitúa nun plano moi diferente o de calquera outro ser vivo. Sitúanos nun plano simbólico. Alónxanos da realidade física presente ante os nosos sentidos ou mellor dito, engade ao plano físico unha nova dimensión da realidade. É esta capacidade simbólica a que corrixe e matiza outras definicións do ser humano e podamos denominalo simplemente como “animal simbólico”.

A definición de ser humano como “animal social” non é axeitada xa que outros animais teñen tamén un comportamento social (abellas, formigas, mamíferos,...). Tamén é pouco axeitada a definición de “animal intelixente” pois moitas especies animais demostran ter capacidade de memoria ou capacidade para inventar e resolver problemas, ou algunha outra capacidade que recolle o concepto xeral de intelixencia (asimilar, manexar e procesar información). O ser



humano tampouco é o único animal con linguaxe ou capacidade comunicativa. Pero si podemos dicir que a súa sociabilidade, intelixencia e comunicación vese modificada pola capacidade simbólica, a capacidade de crear e interpretar símbolos, de outorgar significados a calquera cousa, a aquelas que captamos polos sentidos máis tamén ás accións, comportamentos, ou sentimentos.

Umberto Eco, en *Tratado de Semiótica General* explica que a cultura é un fenómeno de comunicación e que a humanidade e a sociedade existen só cando se establecen relacións de significación e procesos de comunicación. O exemplo que E. Eco dá da pedra cascanoces ilustra claramente esta relación entre cultura e capacidade simbólica:

“Se un ser humano utiliza unha pedra para cascar unha noz, aínda non se pode falar de cultura. Só podemos dicir que se produce un fenómeno cultural cando un ser pensante establece unha nova función da pedra, denominándoa “pedra que serve para cascar noces”. Ese ser pensante está agora en condicións de recoñecer a mesma pedra ou outra semellante”

Está en condicións diremos de comunicarlle o un conxénere o que logrou facer coa pedra sen necesidade de mímica e sen necesidade de que a pedra estea presente, sendo necesario, por suposto que ambos compartan o coñecemento dos

signos da denominación. O uso da pedra como ferramenta non constituiría nin instituiría cultura. Si é cultura sen embargo o establecemento do xeito no que se pode repetir a súa función e transmitir e comunicar esa información. Cando se produce esa comunicación os signos verbais que o emisor comunica ó destinatario “substitúen” ó obxecto, facendo que deixe de ser necesaria a súa presenza no acto comunicativo.

A capacidade simbólica do ser humano pode definirse entón como a capacidade de referirse mediante substitutivos a algo que esta ausente, a algo que está alonxado temporal ou espacialmente. Así, creando símbolos que serven para substituír a elementos naturais, a experiencias, a emocións... conforma un universo que se desprende do puramente físico e da inmediatez do aquí e agora e que, na medida que son compartidos, o universo do individuo humano supera a experiencia individual. Polo tanto a capacidade simbólica permite o ser humano referirse ó mundo físico e imaxinar e crear os mundos que se lle antollen.

3. Comunicación animal e comunicación humana

A diferenza entre o ser humano e outros animais non é o seu comportamento social, vivir en grupo e interactuar entre os conxéneres, pero si é especificamente humano cambiar o xeito de vivir en sociedade ou modificar historicamente a comunidade na que vive.


Tampouco posuír unha linguaxe ou un código de comunicación diferencia a humanos e non humanos, pois toda especie animal ten o seu sistema de comunicación. A diferenza está no tipo de linguaxe: ambas linguaxes son cualitativamente distintas, a non humana é de sinais e herdada xeneticamente é a linguaxe humana é de símbolos e creada e herdada socialmente.

De xeito conciso poderíamos achegar as seguintes definicións:

SINAL: é aquela percepción que se refire directamente a unha realidade determinada. Un sinal significa unha cousa e non pode significar outra (ten un único significado) e só pode ser captado polos sentidos.

SÍMBOLO: é calquera referente (verbal ou non verbal) dotado dun significado que non ten necesariamente conexión coas características dese referente. Por exemplo non hai nada na cor negra que o fada referirse ó sentimento de tristeza, de feito na tradición hindú a cor de loito é o branco. Por este motivo un mesmo referente poder significar cousas distintas, aquilo que cada grupo humano lle atribuíra, e mesmo pode ter varios significados para un mesmo grupo dependendo do contexto do seu uso , falamos entón da polisemia dos símbolos.

Desde a psicoloxía e a zooloxía téñense feito infinidade de experimentos buscando a diferenza cualitativa entre a comunicación humana e a doutos animais. Podemos citar o clásico traballo do entomólogo Karl Von Frich quen, en 1948. estudando o comportamento das abellas realizou a seguinte observación: cando unha abella illada descubría un botín (por exemplo un campo de flores), esta abella volvía á súa colmea e informaba ás súas compañeiras de descubrimento. De seguido o resto das abellas dirixíanse con precisión ó lugar que a primeira abella tiña descuberto. É evidente que nese momento se producira comunicación e unha comunicación suficientemente complexa e rigorosa. Esta comunicación prodúcese do seguinte xeito: cando a abella volve á colmea produce unha danza que as outras seguen con excitación. A danza pode realizarse de dous xeitos: un círculo se é que o botín se atopa a menos de cen metros da colmea ou unha danza en forma de 8 se se atopa entre cen metros e seis quilómetros. Neste último caso a inclinación do eixo en relación ó sol indica a dirección do botín e a rapidez da danza precisa a distancia.



Este é un exemplo clásico de comunicación animal complexa, pero coñécense xa moitos outros de gran complexidade que teñen que ver non só coas necesidades alimenticias, senón tamén coas chamadas 'escenas de cortexo'. Mais en todas elas comunicación pode definirse como o envío dun sinal desde un individuo emisor cara un receptor, de xeito que se modifica o comportamento deste último. A variedade de modos de comunicación é moi ampla: táctil (no caso dos caracois), química (as bolboretas femias, por exemplo, segregan sustancias para atraer a machos que están a quilómetros distancia), auditiva (case todas as aves e tamén os mamíferos emiten sons como sinais), visual (o caso das abellas ou doutros animais que realizan xestos de agresividade).

Nestes casos dun xeito mais ou menos complexo, realízase unha comunicación que pode implicar a memoria dunha experiencia (aínda que esta sexa recente ou case inmediata no tempo) e a capacidade de descompoñer esa memoria en elementos significativos para os outros membros do grupo. Pero asúmese polos estudosos que os elementos da linguaxe non foron creados socialmente senón que son herdados xeneticamente, e o mais importante son códigos que non permiten creación de novas mensaxes ou interpretacións polisémicas. Estas últimas características serían propias da linguaxe simbólica.

Investigacións recentes con simios cuestionan se estes teñen capacidade simbólica. De manexar estes unha linguaxe desas características descubriríamos que se pode falar de cultura e historia nas comunidades destes simios, e dicir, existiría unha produción de información en sociedade que se engadiría á herdada xeneticamente e se asumiría por aprendizaxe social, unha información que se podería polo tanto acumular e aumentar xeración tras xeración modificando historicamente o xeito de vida destas comunidades. Ante a falta de conclusións definitivas neste campo séguese falando de linguaxe simbólica como linguaxe especificamente humana.

4. Diferencias entre a comunicación animal e a linguaxe humana.

Os símbolos poden ser de moitos tipos, retratos, imaxes, esquemas, xestos, conductas, ou sons, o que xenericamente entendemos por linguaxe e que denominamos linguaxe oral distinguíndoo da linguaxe escrita que presupón a aquela.



De feito non en todas as sociedades humanas nin en todo momento da súa historia a escritura está presente. As sociedades que carecen desta denomínanse ágrafas, e nelas é de especial importancia a tradición oral así como outros tipos de códigos simbólicos (como os baseados na expresión plástica) para transmitir os contidos culturais e a súa historia ás xeracións novas.

Detémonos agora nas características da linguaxe xenericamente entendida (oral ou escrita) e nas súas características: convencional, adquirida, articulada e simbólica.


4.1 A linguaxe humana é convencional e adquirida socialmente.

Os animais utilizan **sinais**, mentras que os humanos usamos **símbolos**. Tanto os sinais como os símbolos son signos; un signo é calquera obxecto ou feito físico que representa outra cosa distinta de si. Los animais son capaces de comunicar os perigos dunha situación determinada, as necesidades, os desexos, o lugar onde se atopa a; fano cun gruñido, un movemento, unha expresión facial, corporal... etc. Todos os signos que utilizan os animais para comunicarse veñen determinados pola especie, están, inscritos no código xenético de cada animal; é absolutamente innato que toda unha manada de gacelas bote a correr ante o sinal (un son ou un xesto) de calquera delas para evitar o ataque dun depredador, por exemplo. Podemos dicir que os sinais son un tipo de signos na que a relación entre o significado e o significante é natural: é un sinal o fume que anuncia lume e tamén un ruxido que anuncia hostilidade.

A linguaxe humana non está formado por sinais senón por símbolos. Os símbolos son un tipo especial de signos nos que non existe ningunha relación entre o significante e o significado; son absolutamente convencionais, isto permite que sexamos capaces de construír representacións completamente abstractas e absolutamente novas. A capacidade de inventar símbolos é o que precisamente permite ó ser humano crear mundos distintos, crear realidades imaxinarias.

4.2 A linguaxe humana é simbólica e posúe dobre articulación.

No sistema animal os significantes non poden descompoñerse. Por signifiante debemos entender a forma que adopta a mensaxe. Na comunicación animal cada signifiante está dotado dun significado fixo e non pode combinarse con outros significantes para dar lugar a unha nova comunicación. No caso da linguaxe humana, os morfemas e fonemas combínanse de infinitas xeitos para dar lugar a infinitas mensaxes e posibilidades de comunicación.



As linguaxes animais teñen unicamente unha soa articulación, pola contra a humana ten unha dobre articulación. Os animais a través dun número limitado de, por exemplo gruñidos, poden comunicar un número limitado de mensaxes (a un gruñido corresponde un significado); nesto radica a súa única articulación. Na linguaxe humana, a partir de un número limitado de significantes: morfemas e fonemas (primeira articulación), grazas á súa combinación, podemos conseguir un número ilimitado de mensaxes.

A ausencia desta na linguaxe animal fai que non se estableza unha verdadeira ou profunda relación entre emisor e receptor: Dáse unha comunicación entre un emisor e un receptor (a abella fai un círculo e as demais se enteran de onde a comida), pero non hai ningunha posibilidade de réplica, nin posibilidade de facer un comentario no mesmo código. Podemos dicir que non hai diálogo.

Os signos da linguaxe animal son únicos para cada situación. Unha situación particular só pode dar lugar á articulación dunha única mensaxe. Na linguaxe humana pódense empregar infinidade de símbolos para cada situación. A riqueza de símbolos, a súa polisemia e ambigüidade e a nosa capacidade de engadir novos significados fai que os símbolos humanos se podan usar de xeito atrevido, inventando e imaxinando posibles interpretacións da realidade.

5. O simbólico como mediación.

O filósofo alemán Ernst Cassirer; quen acuñou a expresión de “animal simbólico”, insistiu nesta capacidade simbólica como o elemento especificamente humano sinalando que é por medio desta que o ser humano se adapta o ambiente. Subliñaba así Cassirer a centralidade da linguaxe na produción e transmisión cultural. Os animais, explicaba, se adaptan ó medio, os humanos inventan o medio que se adapte a eles e o levan a cabo. Mentras os animais viven nun plano puramente físico os humanos vivimos nun universo simbólico. Os símbolos permiten referirnos o mundo físico pero tamén negalo, interrogalo, e imaxinalo doutro xeito.

Toda experiencia humana dáse dentro do universo simbólico. Non é só nas experiencias propiamente comunicativas onde o símbolo está presente. Está tamén nas experiencias relixiosas, estéticas, lingüísticas, lúdicas, económicas, políticas. Podemos dicir que todas as nosas conductas e experiencias son simbólicas, porque teñen un significado, expresan algo que vai mais alá da propia conducta ou experiencia e tamén porque presupoñen significados socialmente atribuídos a todo o que as rodea.

A análise desta capacidade simbólica permite entender como as diferentes comunidades humanas constrúen realidades culturais diversas, mundos diferentes. Permite entender tamén o proceso de endoculturación, aquel polo que un individuo asume os códigos e pautas culturais da comunidade na que nace, da que xa con apenas dous anos de idade entende e pode usar o básico do código lingüístico que os membros da súa



comunidade utilizan para se comunicar, e, con el, unha grande parte dos significados atribuídos a cousas, persoas, animais, comportamentos, etc.

A análise da capacidade simbólica posibilita así mesmo entender porque en gran parte das nosas conductas os humanos tratamos con “cousas” que substitúen a outras como se tivesemos diante a estas últimas. Intercámbianse insultos para facer dano como quen intercambia golpes. No caso do budú trátase de facer dano a alguén danando a un boneco. Queimase unha carta ou un retrato para facer desaparecer unha lembranza. Fálase con figuras de madeira como se fosen deuses, mártires ou santos. ...

Todas as condutas humanas, podemos dicir, deben ser explicadas e interpretadas á luz desta capacidade humana de crear símbolos e atribuír significados, da nosa capacidade de producir sentido. Só polos significados atribuídos ás cousas e os feitos entendemos que os humanos, por exemplo, podamos ter condutas que mesmo negan ou van en contra das nosas necesidades biolóxicas. Unha persoa pode morrer en folga de fame por motivos políticos, pode deixar de comer polo que a gordura significa para os membros do seu grupo, deixar de durmir por velar a un morto, renunciar a ter prácticas sexuais por motivos relixiosos, etc.



En resumo, todos os símbolos, e especialmente a linguaxe median en toda experiencia humana. Podemos dicir que o ser humano se relaciona co mundo, cos demais e consigo mesmo a través dos símbolos. Entre nos e o que con nos se relaciona está o simbólico, ou, mais ben, o simbólico está en nos impedíndonos tratar coas cousas “espidas de significado”. O pai da semiótica Charles S. Peirce (1894) resumía esta idea sinalando que: “O símbolo pode dicirle ó ser humano, como a esfinge de Emerson : Do teu ollo son a ollada”. A mesma idea queda resumida na frase do filósofo Merleau-Ponty: “O ollo pensa”.

6. Linguaxe e xerarquías.

6.1 Xerarquía entre linguas

O lingüistas do século XIX defendían unha orde xerárquica entre as linguas do mundo. Outorgáronlle ó latín o lugar privilexiado. A partir do estudio das linguas nativas americanas, os lingüistas de orientación antropolóxica descartaron a superioridade dunha linguas sobre outras. Ó igual que outros elementos culturais as débense ás necesidades sociais así cando xurde a necesidade social de nomear algo calquera lingua crea os termos ou xiros lingüísticos axeitados ben sexa por préstamo doutra lingua ou creando novas palabras por novas combinacións de morfemas. Xa non se fala hoxe, e si en épocas anteriores, de superioridade lingüística asociada ás variacións dialectais dunha mesma lingua (dependendo da zona ou da clase social) .

6.2 Lingua e identidade

Cada linguaxe é unha maneira de nomear o mundo. Nomear é distinguir, organizar, estruturar, clasificar. Entender ás diferentes creacións culturais e entender mundos distintos. En cada un deles existe unha realidade diferente, ordeada, clasificada e significada de modos diversos, é por isto que cada cultura constitúe a súa propia realidade. É por iso tamén que o idioma é considerado un dos riscos máis definitorios da identidade cultural. Esta consideración destaca o feito de que os membros dun grupo que comparte un idioma sente habitar o mesmo mundo.

Como todos os elementos culturais as linguas modifícanse co paso do tempo, co vivir das diferentes xeracións e/ou o contacto con outras linguas. Mais tamén, como outros moitos elementos culturais, as linguas poden sufrir en condicións de dominación ou colonización dunha poboación sobre outra, formas de marxinación, persecución e mesmo prohibición. Para remarcar a presenza dunha forza coercitiva sobre unha lingua nalgún momento da súa historia (facendo mudar violentamente o ritmo desa historia) emprégase o termo sociolingüístico “lingua minorizada”. Este termo non é sinónimo do de “lingua minoritaria” pois este fai referencia ó feito de que un idioma ten un número pequeno de falantes. Neste último caso tamén pode acontecer que os falantes polo feito de selo padezan marxinación social.

6.3 Xerarquías e clasificacións social na linguaxe.



Todo aquilo que é nomeado implica unha clasificación, unha distinción con respecto a outra cousa (que recibe outro nome). Os galegos distinguimos, nomeándoa de forma distinta, varios tipos de choiva ou néboa (orballo, chuvia, poalla, borrasqueira, néboa...), os esquimais teñen, pola súa banda varias palabras para designar e clasificar a “neve”. As condicións climatolóxicas explican a riqueza léxica nestes casos. As veces son condicións socioculturais as que explican a presenza ou ausencia de certos elementos nunha lingua. Por exemplo, en Galicia, os sistemas de herdanza, o minifundio e en xeral os modelos de produción económica explican, probablemente, xunto con outras puramente físicas, a ampla cantidade de nomes da nosa microtoponimia. Non só as vilas e as aldeas teñen nome, senón tamén os lugares

dentro desas aldeas, e os lugares dentro deses lugares, ate o punto que o lugar recoñecido e designado cun nome pode chegar a ser extraordinariamente pequeno.

As veces ás clasificacións implican e conlevan connotacións pexorativas para unha das partes. As diferenzas tórnanse neste caso en desigualdades sociais, especialmente se falamos de persoas. Tamén esas desigualdades son creadas, reflectidas ou reproducidas no pensamento e na acción, a través, entre outros mecanismos, da linguaxe. Falamos así de linguaxe, sexista, clasista, racista etc.

7. Linguaxe e pensamento. .

Segundo o anteriormente dito, os sistemas lingüísticos radicalmente distintos representan que os seus respectivos falantes viven en mundos conceptualmente diferentes. Esta idea é coñecida como a hipótese Sapir-Whorf (por Edward Sapir e Benjamín lee Whorf). Pode ser formulada dicindo que existe unha relación entre as categorías gramaticais da linguaxe que unha persoa fala e o xeito como entende e conceptualiza o mundo.

Cada lingua é polo tanto unha forma de entender o mundo, de pensalo. A lingua non é un simple medio de comunicación, nin o medio de expresión do pensamento é o molde no que se configura e concretizan os pensamentos.

Bergson dicía, sen embargo, que “o pensamento é inconmemsurable coa linguaxe”. Significa isto que non todo pensamento se pode comunicar, expresar de xeito fidedigno coa linguaxe. Moitas persoas somos conscientes en innumerábeis ocasións que nos faltan palabras para expresar o pensado. Ese é por iso un pensamento confuso ó que lle faltan palabras. Podemos dicir entón que a linguaxe é (ademais dunha institución socialmente reglada na que se produce o intercambio entre falantes e tamén o promotor de estruturas mentais complexas) o límite do pensamento significativo.

8. O estudio da linguaxe como elemento cultural

A parte da antropoloxía que se ocupa en profundidade das relacións entre cultura e lingua é a antropoloxía lingüística ou antropoloxía da linguaxe, tamén chamada lingüística antropolóxica. Esta antropoloxía lingüística forma xunto coa cultural e a biolóxica as tres ramas básicas da disciplina.

Os temas de análise e interese da antropoloxía lingüística despréganse na infinidade de consecuencias que ten para a vida humana esa institución socialmente reglada e construída que é a linguaxe. Ademais dos tratados nesta unidade, estúdianse entre outros temas:

- A importancia da tradición oral na transmisión de contidos culturais que, como xa apuntamos, é de especial relevancia nas sociedades ágrafas.
- A construción de discursos que explican, narran ou cantan a historia da comunidade (mitos fundacionais, personaxes heroicos, etc...), constrúen as súas nocións identitarias, etc...
- Os cambios sociais e culturais que se derivan das modificacións nos soportes da escritura (a aparición do papel, da imprenta, da internet) e na aparición de tecnoloxías que mudan a comunicación oral (telefonía fixa e móbil...). Neste eido estúdanse mudanzas culturais que teñen que ver cos fluxos da información así como as mudanzas nos propios códigos comunicativos e nas relacións inpersonais que destes dependen.
- A utilización política da linguaxe e dos idiomas en procesos de colonización cultural e/ou política. Ben sexa cando esta se realiza de xeito explícito e violento, como por exemplo na colonización de América a partir do século XV polos europeos ou en procesos “pacíficos” nos que unha cultura se impón en territorios que superan ó propio como é o caso da cultura norteamericana actualmente, proceso polo que vocablos anglosaxóns se impoñen e/ou desplazan en todo o mundo ós dos outros idiomas.

A sociolingüística é unha subdisciplina (da lingüística ou da socioloxía) que interrelaciona coa antropoloxía lingüística e que focaliza máis a atención nos aspectos sociais dos usos da linguaxe. Estuda o xeito no que a lingua varia de acordo co contexto social no que se usa e en dependencia do grupo social ó que pertence ó falante. Todas as unidades idiomáticas que varían sistematicamente en relación con variantes sociais como a zona de orixe de quen fala, a súa clase, xénero, idade ou grupo étnico son chamadas variables sociolingüísticas e as diferentes formas que adoptan son denominadas variantes funcionais ou rexistros. Tamén as linguas comerciais, profesionais ou xergas son consideradas variantes funcionais. Ocupase tamén a sociolingüística das situacións de multilingüismo, bilingüismo, diglosia, etc. As variantes funcionais e mesmo as linguas que conviven nun territorio, asóciase con

tipos específicos de interaccións, con lugares etc. Así a sociolingüística explicase as condicións sociais que fan que un falante use un rexistro ou unha lingua no seu lugar de traballo e outra variante funcional ou outro idioma na súa casa.